

AXUDAS:

MEDIO RURAL

AXUDAS PARA O ANO 2010 Á UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DE ACONSELLAMENTO POLOS TITULARES DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS

Obxecto: O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras das axudas á utilización de servizos de aconsellamento por persoas titulares de explotacións agrarias, e convocalas para o ano 2010, segundo a regulamentación comunitaria, e nos que se prevén axudas destinadas a agricultores para facer fronte aos custos de utilización de servizos de aconsellamento destinados a mellorar o rendemento global da explotación.

REQUISITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS. Poderán ser beneficiarias as persoas físicas ou xurídicas que accedan de xeito voluntario aos servizos de aconsellamento, e que cumpran as seguintes condicións:

1. Ser persoa titular dunha explotación agraria, situada no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Acreditar o cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma
3. Cumprir os requisitos e obrigas sinalados na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Acollerse aos servizos de aconsellamento prestados por entidades inscritas e recoñecidas no Rexistro de Entidades con Servizos de Aconsellamento ou Xestión de Galicia (Resaxega), creado polo Decreto 235/2007, do 29 de novembro de 2007.

Axudas ás persoas titulares de explotacións demandantes de aconsellamento.

1. Poderán concederse axudas ás persoas titulares de explotacións demandantes do servizo de aconsellamento para sufragar os gastos, en concepto de honorarios, orixinados polos servizos prestados por entidades que estean inscritas e recoñecidas debidamente.
2. O aconsellamento demandado polas persoas titulares de explotacións agrarias deberá comprender, como mínimo, e no que resulte de aplicación á súa explotación, os seguintes ámbitos:
 - Os referidos no Capítulo 1 do Regulamento (CE) nº 73/2009, do Consello, do 19 de xaneiro de 2009. Os requisitos mínimos de boas condicións agrarias e ambientais son os regulados polo Real Decreto 486/2009, de 3 de abril.
 - As normas relativas á seguridade laboral derivadas da normativa comunitaria.
 - No caso das persoas agricultoras mozas as relacionadas co inicio da súa actividade.
3. Ademais das materias de obrigado aconsellamento, as persoas titulares de explotacións agrarias poderán solicitar aconsellamento ás entidades recoñecidas noutros ámbitos citados no artigo 3 do Decreto 235/2007 e, con carácter xeral, noutras materias co fin de acadar un aconsellamento integral, incluído o asesoramento relativo á posta en marcha do Contrato de Explotación Sustentable, así como asesoramento sobre cambio climático,

- energías renovables, xestión da auga, biodiversidade, e sobre a reestruturación do sector leiteiro, de acordo co establecido no Regulamento (CE) nº 74/2009 .
4. A axuda limitarase ao máximo do 80% do custe subvencionable por servizo de asesoramento completo, establecido no anexo do Regulamento (CE) nº 1698/2005.
 5. O importe desta axuda será de ata 640 euros cando a explotación estea cualificada como prioritaria, ao abeiro do disposto na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de Modernización das Explotacións Agrarias, e de ata 480 euros nos demais casos.
 6. O importe da axuda prevista no apartado anterior poderá incrementarse ata un 15% cando a explotación estea situada en zona desfavorecida ou en zona de Natura 2000. A estes efectos, considerarase que cumpre esta última condición cando o 20 % da superficie declarada na solicitude unificada da persoa titular da explotación estea incluído en dita zona.
 7. A axuda resultante da aplicación dos apartados 5 e 6 poderá incrementarse nas seguintes porcentaxes:
 - Nun 50% no caso de que a persoa solicitante teña solicitado o Contrato de Explotación Sustentable (CES) de acordo coa Orde reguladora deste. Neste caso o pagamento desa porcentaxe esixirá que a resolución aprobatoria do CES sexa anterior á data de xustificación dos gastos das axudas a que fai referencia esta orde.
 - Se a persoa solicitante non cumpre o punto anterior, e está incluída en algún ou varios dos seguintes programas, a axuda incrementarase acumulativamente, e ata un total do 40% como máximo, nas porcentaxes indicadas:
 - Ata un 10% no caso dun programa de reprodución, incluído nos programas de xestión zootécnica;
 - Ata un 10% no caso dun programa de xestión técnica agronómica de produción e sanidade vexetal recoñecidos segundo o artigo 5 punto c do Decreto 235/2007;
 - Ata un 10% no caso dun programa de alimentación ou dun programa de podoloxía, incluídos nos programa de xestión zootécnica recoñecidos segundo o artigo 5 punto c do Decreto 235/2007;
 - Ata un 10% no caso dun no caso de estar integrada nunha Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira (ADSG);
 - Ata un 10% no caso dun no caso de estar dada de alta no rexistro de explotacións en Control Leiteiro.
 8. Aos efectos do cálculo da axuda, non serán admisibles orzamentos cun custo elixible inferior a 250 euros.
 9. As persoas titulares de explotacións demandantes de aconsellamento non poderán recibir axuda para máis de 3 servizos de aconsellamento completo durante o período 2007-2013. Para os efectos desta orde entenderase como:
 - Servizo de aconsellamento completo o conxunto de actuacións levadas a cabo nunha explotación agraria por unha entidade de aconsellamento inscrita no Rexistro de Entidades con Servizos de Aconsellamento ou Xestión de Galicia (Resaxega), durante o período comprendido entre a data de presentación da solicitude, sempre e cando se ditase resolución aprobatoria da axuda sobre ese servizo, e os doce meses seguintes á data da súa aprobación. Estas actuacións incluírán sempre as materias de obrigado cumprimento, indicadas no artigo 3º, número 2, e as indicadas no número 3 se así o solicitasen as persoas titulares de explotacións agrarias.

Criterios de prioridade.

As axudas previstas nesta orde concederanse en réxime de concorrencia competitiva, en función das dispoñibilidades orzamentarias, das porcentaxes de axuda e das solicitudes recibidas que cumpran os requisitos establecidos na mesma, clasificándose en función dos seguintes criterios referidos á persoa titular e á explotación, coa seguinte puntuación máxima por criterio:

- Persoa titular de explotación que obteña a concesión de axudas do Contrato de Explotación Sustentable coa Consellería do Medio Rural: 12 puntos.
- Persoa titular de explotación que solicítase aconsellamento vinculado aos novos retos: 8 puntos.
- Persoa titular de explotación cualificada como prioritaria de acordo coa Lei 19/1995 do 4 de xullo de Modernización das Explotacións Agrarias: 5 puntos.
- Persoa titular de explotación que recibira a axuda á utilización dos servizos de aconsellamento por persoas titulares de explotacións agrarias do ano 2008: 4 puntos.
- Persoa titular de explotación beneficiaria dunha axuda á modernización de explotacións agrarias (plan de mellora) nos últimos cinco anos: 2 puntos.
- Persoa titular de explotación beneficiaria dunha axuda á incorporación de persoas mozas á actividade agraria nos últimos cinco anos: 2 puntos.
- Persoa titular de explotación localizada en zona desfavorecida nos termos previstos nos artigos 36 a) (i) e (ii) e 37 do Regulamento (CE) nº1698/2005, ou en zona Natura 2000: 2 puntos.
- Persoa titular de explotación que sexa muller. No caso de explotacións asociativas, cando polo menos o 50 % das persoas socias que a integran sexan mulleres: 2 puntos.
- Persoa titular de explotación que sexa agricultor mozo ou moza. No caso de explotacións asociativas, cando polo menos o 50% das persoas socias que a integran o sexan: 2 puntos.
- Persoa titular de explotación de carácter asociativo ou cooperativo: 1 punto.
- Persoa titular de explotación que participe en programas de calidade dos alimentos ou explotación ecolóxica : 1 punto.

No caso de que a dispoñibilidade orzamentaria limite o número de persoas beneficiarias aprobaranse as axudas en función da puntuación, considerando que de manterse a igualdade, terá preferencia a persoa titular que acredite un criterio que acade unha maior puntuación.

Prazo. O prazo de presentación de solicitudes será de ata o 30 de xaneiro. DOG nº 252 de 29 de decembro de 2009.

Normativa: Orde do 21 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á utilización de servizos de aconsellamento por persoas titulares de explotacións agrarias, e se convocan para o ano 2010.

Máis información



[orde medida 114 2010.pdf](#) (134 Kb)



[presentacion medida 114 2010.pdf](#) (550 Kb)

AXUDAS PARA O FOMENTO DAS RAZAS AUTÓCTONAS EN PERIGO DE EXTINCIÓN

NORMATIVA: Orde do 29 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases que regulan a concesión das axudas para o fomento das razas autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción, e se convocan no ano 2010.

BENEFICIARIOS: Estas axudas van dirixidas a organizacións ou asociacións de criadores das razas autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción que cumpran unha serie de requisitos, entre os que se atopan o feito de carecer de ánimo de lucro, acreditar que os gandeiros que as integran concentran un mínimo do 60% do censo de reproductoras da/s raza/s en perigo de extinción ou estar oficialmente recoñecidas para a xestión do libro ou libros xenealóxicos destas razas, así como garantir nos estatutos a participación democrática dos seus membros e a ausencia de trato discriminatorio para os criadores.

AS ACTUACIÓNS que poden ser obxecto de subvención son, por exemplo, a realización de estudos ou estatísticas sobre os aspectos etnolóxicos, zootécnicos e productivos das especies, así como sobre a súa caracterización morfolóxica e reproductiva; a educación, formación e divulgación de coñecementos científicos en materia zootécnica; a organización de certames gandeiros ou a creación ou mantemento de libros xenealóxicos.

CONTÍAS: A contía total da subvención non poderá superar un máximo de 60.000 euros por raza e anualidade. O custo subvencionable poderá alcanzar o 100% do investimento, pero, en todo caso, o importe total percibido por un mesmo beneficiario non poderá exceder os 100.000 euros ao longo de tres exercicios fiscais.

O PRAZO DE PRESENTACIÓN de solicitudes será de un mes contado a partir de 8 de xaneiro, día seguinte á publicación desta orde no DOG. DOG nº 3 de 7 de xaneiro.

AXUDAS PARA A RECUPERACIÓN DO POTENCIAL FORESTAL PARA O ANO 2010

NORMATIVA: Orde do 29 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases e se convocan para o ano 2010 as axudas á recuperación do potencial forestal.

BENEFICIARIOS : Poderán ser beneficiarios das axudas expostas nesta orde, os propietarios privados, comunidades de montes e concellos con montes, así como as asociación de propietarios e de comunidades de montes e mancomunidades de concellos, que sexan propietarios de terreos situados nos concellos relacionados no anexo I, e posúan masas danadas polo temporal Klaus e para as que se solicitara subvención para a saca e corta da madeira afectada ou se notificara o dano á Xunta de Galicia, por calquera medio que deixe constancia administrativa. Non se admite a cesión por parte do propietario do terreo a un terceiro.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES: Esta orde ten por obxecto establecer as bases que regulan as axudas para a restauración do potencial forestal de superficies forestais que foran afectadas polo temporal Klaus durante o ano 2009 e proceder á súa convocatoria para o ano 2010 en réxime de concorrencia competitiva.

Requisitos: Non se admite a cesión por parte do propietario do terreo a un terceiro. Ademais os beneficiarios deberán cumprir os requisitos establecidos nos artigos 10.2º e 10.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

(Consultar detalles- Orde no Dog)

CONTÍA: As accións previstas nesta orde financiaranse, nos exercicios dos anos 2010 e 2011,

Estes importes poderán ser incrementados con fondos comunitarios, do Estado ou da Comunidade Autónoma, segundo o disposto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, unha vez aprobada a correspondente modificación orzamentaria.

PRAZO: O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde. DOG nº 4 de 8 de xaneiro.

AXUDAS PARA O FOMENTO DA SILVICULTURA EN BOSQUES NO MEDIO RURAL

NORMATIVA: Orde do 28 de decembro de 2009 pola que establecen as bases e se convocan para o ano 2010 as axudas para o fomento da silvicultura en bosques no medio rural.

BENEFICIARIOS: Poderán ser beneficiarios das axudas expostas nesta orde, os propietarios particulares, as agrupacións dos ditos propietarios, as cooperativas agrarias, os proindivisos, as comunidades de bens, as entidades locais, outras persoas con personalidade xurídica e as comunidades de montes veciñais en man común.

Non poderán ser beneficiarios as persoas físicas ou xurídicas que non sexan propietarios dos terreos obxecto de axuda. Non se admite a cesión por parte do propietario do terreo a un terceiro.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES: Consultar orde do DOG

PRAZO: O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde. DOG nº 2 de 5 de xaneiro.

AXUDAS PARA A PREVENCIÓN DE ATAQUES DE LOBO AO GANDO

NORMATIVA: Orde do 21 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención de ataques de lobo ao gando, e se convocan para o ano 2010

BENEFICIARIOS: . Poderanse acoller a estas axudas os gandeiros con explotacións na Comunidade Autónoma de Galicia das especies ovina, vacúa e cabrúa.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES: Ao abeiro desta orde subvencionarase a adquisición de cans mastíns e pastores eléctricos, o emprego de curros con malla electrificada e a instalación de cercados con malla ovelleira e postes de madeira tratada, cuxa adquisición teña lugar entre o 1 de xaneiro e o 20 de setembro do 2010.

CONTÍA: (Consultar orde no Dog)

PRAZO: O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir da data de entrada en vigor desta orde. DOG nº 2 de 5 de xaneiro.

SUBVENCIONES AOS PROXECTOS DINAMIZADORES DAS ÁREAS RURAIS DE GALICIA 2009-2010

NORMATIVA: Resolución do 15 de decembro de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, e se anuncia a convocatoria para o ano 2010.

OBXECTO: Establecer bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, e se anuncia a convocatoria para o ano 2010.

Promoción do desenvolvemento rural galego se debe abordar desde unha perspectiva integral, prevese, dando continuidade á liña de apoio aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia establecida no período 2008-2009 (Resolución do 18 de xuño de 2008; DOG nº 127, do 2 de xullo), o apoio a actuacións de diferente natureza, que Agader vai materializar a través da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para as seguintes medidas:

- I. Diversificación cara a actividades non agrarias.
- II. Creación e desenvolvemento de microempresas.
- III. Fomento de actividades turísticas.
- IV. Servizos básicos para a economía e a poboación rural.
- V. Conservación e mellora do patrimonio rural.

BENEFICIARIOS: Beneficiarios segundo o tipo de medida:

I. Diversificación cara a actividades non agrarias: Os beneficiarios da axuda serán os membros dunha unidade familiar ligada a unha explotación agraria, entendendo como tales as persoas físicas ou xurídicas, ou grupo de persoas físicas ou xurídicas, que realicen actividades agrarias nunha explotación no momento de solicitar a axuda.

II. Creación e desenvolvemento de microempresas: persoas físicas ou xurídicas que cumpran os seguintes requisitos:

-Ter un número de empregados inferior a 10 e un volume de negocios anual ou balance xeral anual non superior a 2 millóns de euros (microempresas definidas pola Recomendación 2003/361/CE da Comisión do 6 de maio. (DO L 124, do 20 de maio de 2003).

-Cumprir co criterio de independencia, nos termos que se establecen na Recomendación 2003/361/CE da Comisión.

III. Fomento de actividades turísticas: Asociacións de empresarios do sector turístico no medio rural. Outras asociacións, fundacións e entidades privadas sen ánimo de lucro, e Concellos, mancomunidades de concellos, consorcios e entidades dependentes das anteriores con participación maioritaria dos concellos (só para as actividades subvencionables recollidas na liña B).

IV. Servizos básicos para a economía e a poboación rural:

-Asociacións, fundacións e outras entidades privadas sen ánimo de lucro: actividades subvencionables previstas nas alíneas a, b, c, e, f.

-Cooperativas agrarias e de servizos sociais: actividades subvencionables previstas nas alíneas a, b, c, f.

-Concellos, mancomunidades de concellos, consorcios e entidades dependentes das anteriores en que participen maioritariamente os concellos: actividades subvencionables previstas nas alíneas a, b, c, d, f.

-Asociacións de empresarios e de artesáns: actividades subvencionables previstas na alínea g.

V. Conservación e mellora do patrimonio rural:

-Para as actividades subvencionables previstas na alínea a: comunidades de montes veciñais en man común e asociacións sen ánimo de lucro, sempre que a superficie sobre a cal se vai actuar corresponda a montes veciñais en man común.

-Para as actividades subvencionables previstas nas alíneas b, c:

Asociacións, fundacións e outras entidades privadas sen ánimo de lucro.

Comunidades de montes veciñais en man común.

Concellos, mancomunidades de concellos, consorcios e entidades dependentes das anteriores en que participen maioritariamente os concellos.

REQUISITOS: Requisitos e regras xerais: Todos os proxectos deberán cumprir os requisitos seguintes:

1. Que non estean iniciados na data de presentación da solicitude da axuda de acordo co disposto no artigo 8.2º do Regulamento (CE) 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado -DOUE L do 9 de agosto- (en diante, Regulamento xeral de exención por categorías).

Os solicitantes poderán iniciar a execución do proxecto antes da resolución de concesión da subvención sempre que acrediten que non está iniciado na data de solicitude da axuda, ben cunha acta notarial que reflicta fidedignamente o non inicio da obra ou instalación, ou ben cunha acta de non inicio levantada por Agader por petición do interesado. Non obstante, consideraranse os gastos realizados con anterioridade a título de almacenamento de máquinas, aparellos ou materiais de construción, sempre que a montaxe, instalación ou incorporación in situ non tivese lugar antes da presentación da solicitude ou da elaboración da acta de non inicio, así como os gastos correspondentes a honorarios técnicos, estudos de viabilidade e adquisición de patentes.

2. Que se desenvolvan no territorio de Galicia exceptuando os núcleos urbanos, definidos como tales no planeamento urbanístico vixente, das cidades de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.

3. Que sexan finalistas, é dicir, que no momento da certificación final cumpran os obxectivos e funcións para os que foron aprobados; non se admitirán fases de proxectos.

4. Que sexan viables técnica, económica e financeiramente, tratándose de proxectos de natureza productiva, e que sexan viables financeiramente tratándose de proxectos non productivos.

5. Que se axusten á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.

6. Que se axusten ás especificacións indicadas para cada medida e tipo de proxecto nestas bases.

As subvencións reguladas nestas bases están financiadas con fondos Feader e, polo tanto, serán incompatibles con calquera outra axuda que, para o mesmo gasto ou investimento, leve cofinanciamento comunitario, independentemente do fondo de procedencia e a súa tipoloxía (subvención directa, bonificación de xuros..). Tamén serán incompatibles con outras axudas encadradas en calquera dos outros eixos do PDR.

Coa excepción anterior, as subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras serán compatibles con outras axudas, subvencións ou recursos destinados á mesma finalidade, tanto de orixe pública como privada, sempre que a intensidade máxima das axudas con fondos públicos non exceda do 50% para pequenas empresas e do 40% para as medianas empresas para proxectos encadrables nas medidas I e II, e do 100% para proxectos encadrables nas medidas III, IV e V.

No caso de axudas amparadas no Regulamento xeral de exención por categorías, o beneficiario deberá achegar unha contribución financeira, exenta de calquera tipo de apoio público, de polo menos un 25% dos custos, xa sexa mediante os seus recursos propios ou mediante financiamento externo.

Non poderán ser beneficiarias aquelas entidades que entren dentro da categoría de empresas en crise, ao abeiro da definición do artigo 1 número 7º do Regulamento xeral de exención por categorías. Tampouco poderán ser beneficiarias aquelas empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que teña declarada unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

Os beneficiarios das axudas, de ser o caso, estarán suxeitos ao réxime sancionador previsto no capítulo II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e desenvolto no título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007.

PRAZO: 60 días naturais contados desde o seguinte ao da publicación da resolución no DOG. DOG nº 250 de 24 de decembro de 2009.

AXUDAS A EMPRESAS PARA PROMOCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DOS PRODUCTOS AGRARIOS E AGROALIMENTARIOS GALEGOS

NORMATIVA: Orde do 22 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases e se convocan para 2010 axudas a empresas para a promoción e mellora da

comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos (DOG nº 252, do 29 de decembro de 2009).

OBXECTO: Establecer as bases e convocar para o ano 2010 as axudas da Consellería do Medio Rural para actuacións de empresas privadas na promoción e mellora da comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES: As actuacións e conceptos subvencionables son os seguintes:

a) Material divulgativo e promocional.

1. Considérase subvencionable o deseño e elaboración no ano 2010 de catálogos, folletos e publirreportaxes promocionais en diferentes soportes (papel, vídeo, CD, DVD). Non será subvencionable outro tipo de material publicitario ou promocional (carteis, panfletos, material de papelería, etc..).

2. O importe máximo subvencionable admisible por solicitante será de 20.000 €.

b) Participación en certames comerciais.

1. Considérase subvencionable a participación en feiras, minifeiras, certames comerciais e encontros empresariais do sector agrario e agroalimentario que teñan lugar fóra de Galicia desde o 1 de outubro de 2009 ata o 30 de setembro de 2010.

2. Será tamén subvencionable a asistencia en Galicia á Semana Verde e a outros certames específicos que teñan carácter internacional recoñecido oficialmente.

3. Non se consideraran subvencionables as actividades incluídas nesta alínea organizadas polas cámaras de comercio ou polo ICEX que contan xa con apoio público.

4. Nesta alínea serán admisibles os seguintes gastos: gastos de inscrición e dereitos de asistencia, aluguer de espazo e servizos, realización de posto e equipamento, traslado de produtos, e contratación de persoal especificamente para o evento. Non serán subvencionables os gastos de produtos, do persoal e de medios propios da empresa solicitante, nin tampouco a asistencia a concursos e xornadas gastronómicas.

5. O importe máximo subvencionable admisible por solicitante será de 60.000 €.

c) Asistencias técnicas.

1. Serán subvencionables os gastos realizados no ano 2010 correspondentes ao deseño de envases e elementos de presentación final de produtos, así como de deseño da imaxe corporativa global da empresa. Será tamén subvencionable o deseño, elaboración e ampliación de páxinas web e portais de comercio electrónico, sempre que se realicen no ano 2010 e se xustifique o seu destino para actividades promocionais e de mellora da comercialización.

2. Nas industrias de serradura de madeira serán tamén subvencionables os custos directos relativos ao proceso de auditoría para a consecución dunha certificación forestal da actividade.

3. Os gastos deste capítulo só serán admisibles se corresponden a servizos realizados por consultores e empresas externas. En todo caso, o importe máximo subvencionable admisible será de 20.000 € por solicitante.

d) Formación.

1. Será subvencionable a asistencia do persoal das empresas a seminarios e cursos de formación relacionados coa xestión empresarial e a comercialización das súas producións, sempre que finalicen antes do 1 de outubro de 2010 e non se iniciasen con anterioridade ao ano 2009.

2. O importe máximo subvencionable admisible será de 10.000 € por empresa solicitante.

e) Contratación de persoal

1. Serán subvencionables os custos salariais, excluídas as cotizacións á seguridade social que lle corresponden á empresa contratante, do primeiro ano de contratación de persoal, sempre que:

-Realice especificamente funcións relacionadas coa promoción e comercialización dos produtos da empresa. As funcións e categoría profesional deben figurar no contrato.

-A contratación sexa realizada a partir do 1 de outubro de 2009, e ata o 30 de setembro de 2010.

-Cada contratación supoña creación neta de emprego na empresa e teña unha duración mínima dun ano.

2. Para a verificación do cumprimento da condición de creación neta de emprego considerarase como referencia inicial a media do número de traballadores da empresa nos doce meses inmediatamente anteriores á contratación. Para eses efectos considerarase que existe creación neta de emprego cando a media do número de traballadores da empresa nos doce meses de duración do contrato subvencionado sexa superior á media de referencia inicial en tantos traballadores como novas contratacións se realicen.

3. O importe máximo subvencionable admisible por traballador contratado será de 25.000 €.

BENEFICIARIOS: Poderán ser beneficiarios destas axudas as empresas agrarias e agroalimentarias, excluídas as de alimentación animal, que cumpran os seguintes requisitos:

No sector forestal serán beneficiarios destas axudas unicamente as industrias que teñan como actividade principal a serradura de madeira, e que teñan instalacións en Galicia para realizar esa actividade.

REQUISITOS:

-Que teñan como actividade maioritaria a elaboración e/ou comercialización de produtos agrarios ou agroalimentarios galegos. As materias primas utilizadas pola empresa deben ser agrarias maioritariamente (máis do 50%). Non serán

subvencionables as empresas que teñan como actividade maioritaria o comercio por xunto ou retallista nin a distribución, salvo que estean participadas maioritariamente por produtores ou elaboradores de Galicia.

-Que figuren inscritas no Rexistro de Industrias Agrarias ou de Actividades Catalogables cando sexa preceptivo.

-Que teñan instalacións en Galicia para a transformación ou comercialización de produtos agrarios ou agroalimentarios.

As empresas que soliciten axudas non poden estar en situación de crise conforme o establecido nas directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (2004/C244/02).

AXUDAS A AGRUPACIÓNS DE PRODUTORES PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E PROMOCIÓN DE PRODUCTOS AGROALIMENTARIOS GALEGOS CON CALIDADE DIFERENCIADA

NORMATIVA: Orde do 21 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a agrupacións de produtores para a realización de actividades de información e promoción de produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada, no marco do Programa de desenvolvemento rural para Galicia 2007-2013, e se convocan para o ano 2010. (DOG nº 252 do 29 de decembro de 2009).

OBXECTO: Establecer as bases reguladoras das axudas que, en réxime de concorrencia competitiva, vai conceder a Consellería do Medio Rural para actuacións de información e promoción dos produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada, así como efectuar a convocatoria para o ano 2010.

Considerarase programa de calidade diferenciada dos alimentos aquel que se atope nalgún dos seguintes casos:

a) Programas comunitarios de calidade de produtos galegos establecidos en virtude dos seguintes regulamentos e disposicións:

-Indicacións Xeográficas Protexidas (IXP) e Denominacións de Orixe Protexidas (DOP) de produtos agroalimentarios reguladas polo R (CE) 510/2006, do Consello, do 20 de marzo de 2006, sobre a protección das indicacións xeográficas e das denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios.

-Especialidades tradicionais garantidas reguladas polo R (CE) 509/2006, do Consello, do 20 de marzo de 2006, sobre as especialidades tradicionais garantidas dos produtos agrícolas e alimenticios.

-Producción agrícola ecolóxica, regulada polo R (CE) 834/2007, do Consello, do 28 de xuño de 2007, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos.

-Viños de calidade con denominación xeográfica regulados polo R (CE) 479/2008 do Consello, do 29 de abril de 2008, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, se modifican os R (CE) 1493/1999, R (CE) 1782/2003, R (CE) 1290/2005, R (CE) 3/2008 e se derrogan os R (CEE) 2392/86 e R (CE) 1493/1999.

b) As bebidas espirituosas con denominación xeográfica de acordo coa Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.

BENEFICIARIOS: Poderán ser beneficiarios destas axudas as agrupacións de produtores que participen nalgún programa de calidade diferenciada de alimentos.

Consideraranse agrupación de produtores os consellos reguladores e as asociacións sen ánimo de lucro en que participan produtores implicados nalgún programa de calidade diferenciada dos alimentos.

REQUISITOS: Serán subvencionables as actividades das agrupacións de produtores relacionadas con actuacións de información e promoción en que o fin sexa inducir o consumidor a adquirir produtos incluídos no marco de programas de calidade diferenciada dos alimentos.

Estas actividades resaltarán as características ou as vantaxes específicas dos produtos en cuestión, especialmente a calidade, os métodos de produción específicos ou as estritas normas aplicadas para garantir o benestar dos animais e o respecto do ambiente vinculadas ao programa de calidade de que se trate, e poderán incluír a divulgación de coñecementos científicos e técnicos sobre eses produtos. Poderán consistir, en particular, na organización de feiras e exposicións e a participación nelas, así como actividades similares de relacións públicas e publicidade nos diversos medios de comunicación ou nos puntos de venda, de acordo co establecido no artigo seguinte.

Quedan excluídas da axuda as seguintes actuacións:

a) A promoción de marcas comerciais.

b) A promoción e publicidade fóra do mercado interior.

c) Aquelas actividades que induzan o consumidor a comprar un produto pola súa orixe particular, excepto nos casos dos produtos regulados polo réxime de calidade establecido polo R (CE) 510/2006 e os regulados polo R (CE) 479/2008. Non obstante, poderá indicarse a orixe dun produto sempre que tal indicación quede subordinada á mensaxe principal.

d) As actividades de información e promoción subvencionadas ao abeiro do R (CE) 2826/2000, do 19 de decembro, sobre accións de información e de promoción dos produtos agrícolas no mercado interior.

PRAZO DE SOLICITUDE: O prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria rematará o día 31 de marzo (inclusive) de 2010. DOG nº 252 do 29 de decembro de 2009

AXUDAS PARA ENTIDADES COLABORADORAS DE PESCA FLUVIAL PARA O FOMENTO DA RIQUEZA PISCICOLA

NORMATIVA: Orde do 18 de decembro 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades colaboradoras de pesca

fluvial para o fomento da riqueza piscícola, e se convocan para o ano 2010. (DOG nº 252, do 29 de decembro 2009)

OBXECTO: O obxecto desta orde é regular a concesión de axudas a entidades colaboradoras que realicen actividades e investimentos para o fomento da riqueza piscícola.

Poderán acollerse a estas axudas as actividades realizadas no ámbito do fomento da riqueza piscícola incluídas nalgunha das seguintes categorías:

a) Vixilancia de tramos de pesca: todos os gastos directamente relacionados coas tarefas de vixilancia de tramos de ríos.

b) Sinalización de tramos de pesca: gastos directamente relacionados coa información á beira do río sobre a normativa de pesca aplicable aos distintos tramos, incluíndo, entre outros, carteis, soportes e gastos de colocación.

c) Actividades educativas: gastos directamente relacionados coa organización de cursos e outros actos formativos, educativos ou divulgativos, incluíndo, entre outros, salarios ou gratificacións para relatores, publicidade e edición de material didáctico.

d) Accesos: creación, mantemento e conservación de accesos a tramos de pesca e adecuación de sendas e postos de pesca; mantemento de infraestruturas; recuperación de desovadoiros; eliminación de obstáculos; construción de pasarelas, incluíndo equipamento e materiais necesarios para estas tarefas.

BENEFICIARIOS: Poderán ser beneficiarias as sociedades ou asociacións que teñan o nomeamento de entidade colaboradora, de conformidade co disposto na Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, e no Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais. Este nomeamento deberá estar en vigor tanto no momento de presentar a solicitude de axuda como no momento do pagamento desta.

REQUISITOS: Non poderán obter a condición de beneficiarias das axudas previstas nesta orde as entidades en que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Para ter acceso a estas axudas, deberán cumprirse as seguintes condicións:

a) Vixilancia de tramos de pesca: deberá ser exercida por vixilantes xurados de pesca fluvial, con nomeamento regulado nos artigos 29 da Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial e 86 do seu regulamento. Poderanse acoller a estas axudas os contratos en vigor a partir do 1 de outubro de 2008 naquela parte dos gastos que non fosen obxecto de subvención noutras ordes de axuda da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Será obxecto de axuda a totalidade do contrato cando na súa vixencia se inclúan os meses de xullo, agosto e setembro íntegros. Noutros contratos, unicamente será obxecto de axuda a parte correspondente aos meses de xullo, agosto e setembro.

b) Sinalización de tramos de pesca: o formato, a situación e demais características dos sinais deberán ser aprobados polo servizo provincial de Conservación da Natureza previamente á execución dos traballos. Será condición indispensable que con anterioridade ao comezo dos traballos, o servizo citado expida ou valide unha certificación de non-inicio.

c) Actividades educativas: cunha antelación mínima de quince (15) días ao do seu comezo, deberá notificarse ao servizo provincial de Conservación da Natureza o programa definitivo e o lugar de realización, para que este leve a cabo as comprobacións necesarias e poida certificar a súa realización.

d) Accesos: as características dos traballos deberán constar nunha memoria ou proxecto técnico que requirirá a aprobación do servizo provincial de Conservación da Natureza previamente á súa execución. Será condición indispensable que, con anterioridade ao comezo dos traballos, o servizo citado expida ou valide unha certificación de non-inicio.

PRAZO DE PRESENTACIÓN: Un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

AXUDAS ECONÓMICAS PARA A CONSERVACIÓN DAS POBOACIÓNS DE CAZA MENOR.

NORMATIVA: Orde do 21 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a conservación das poboacións de caza menor, e se convocan para o ano 2010 (DOG nº 252, do 29 de decembro de 2009).

OBXECTO: Esta orde ten por obxecto o establecemento dun réxime de axudas aplicable aos terreos cinexéticos para:

Modalidade A: recuperación das poboacións de perdiz rubia (*Alectoris rufa*) a través da mellora da calidade do seu hábitat.

Modalidade B: conservación e recuperación do coello de monte (*Oryctolagus cuniculus*), mediante a construción das instalacións necesarias para a súa cría en semiliberdade e a súa reintrodución no medio natural.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES: Son actuacións subvencionables destas axudas:

a) Para a modalidade A:

Financiamento dos investimentos para a roza e trituración mecánica do mato, a emenda e/ou fertilización, sementeira de cereal e/ou leguminosa, e para a limpeza e adecuación de fontes e mananciais.

b) Para a modalidade B:

Construción das instalacións necesarias para a cría do coello de monte en semiliberdade e construción de tobeiras artificiais por aqueles beneficiarios que teñan realizadas as instalacións anteriormente mencionadas.

En ningún caso se subvencionarán actuacións realizadas con anterioridade á publicación desta orde.

BENEFICIARIOS: Poderán acollerse a estas axudas tanto os titulares de tecores galegos como as agrupacións destes que, aínda carecendo de personalidade xurídica, fagan unha solicitude conxunta. Neste último caso os terreos cinexéticos deberán ser lindeiros e estaren situados nunha mesma provincia. Para cada Tecor, só será admisible unha única solicitude.

REQUISITOS: Non poderán ter a condición de beneficiarios das axudas previstas nesta orde as persoas ou entidades en que se dea algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

PRAZO DE SOLICITUDE: Un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.